

Plan de Lectura · Plan Anual de Lectura · Plan de Biblioteca

	Plan de Lectura	Plan Anual de Lectura	Plan de Biblioteca
Onde está recollido?	Forma parte do Proxecto educativo e funcional do centro .	Incluirase na programación xeral anual a través de accións enfocadas ao logro daqueles obxectivos establecidos neste plan que se pretendan desenvolver no curso 2024/25.	Forma parte do Proxecto educativo e funcional do centro .
Quen o fai?	Será elaborado desde a CCP ou equipo de traballo , coa colaboración/coordinación da persoa responsable da biblioteca, que en colaboración co equipo de apoio á biblioteca, establecerá as liñas de traballo.	A persoa responsable da biblioteca escolar deseñará, en colaboración coa xefatura de estudos e o equipo de apoio á biblioteca.	A persoa responsable da biblioteca escolar deseñará, en colaboración coa xefatura de estudos e o equipo de apoio á biblioteca.
Cal é a finalidade?	A promoción e o fomento da lectura , a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información , en apoio da adquisición das competencias clave.	A finalidade do PL. Concreción cada curso do Plan de Lectura.	A promoción da biblioteca escolar como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Ten que favorecer ao desenvolvemento do Plan de Lectura e o uso , por parte de alumnado e profesorado, das distintas fontes informativas e da variedade de servizos da biblioteca escolar, en beneficio de todas as áreas e materias.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> - Desde a biblioteca escolar coordinaranse as actuacións para o desenvolvemento do Plan de Lectura e deberán contemplarse os beneficios de experiencias xa contrastadas como a "Hora de ler", actividades de lectura compartida ou os clubs de lectura, nas súas diferentes fórmulas. - Interesa discernir entre o Plan de Lectura e as fórmulas para a promoción da lectura que se poden empregar para conseguir os seus obxectivos. Así a "Hora de ler" ou os "itinerarios lectores" contribúen ao desenvolvemento do Plan de Lectura pero non deben confundirse con el (máis claramente: un listado de lecturas recomendadas non é un Plan de Lectura; nin tampouco o é un Plan Anual de Lectura; da mesma forma, un calendario de "Hora de ler" só serve para detallar esta actividade pero non pode ser entendido como o Plan Anual de Lectura). Cómpre, así mesmo, realizar un esforzo por sistematizar prácticas que dan resultado como as "lecturas compartidas", entre outras, e sempre incluír as estratexias de comprensión lectora, adaptándoas á lectura impresa ou dixital, en cada caso. 		<ol style="list-style-type: none"> a. En relación coa organización e xestión (automatización e organización da colección, incluídos os recursos electrónicos seleccionados); provisión de recursos, en distintos soportes e formatos; servizos bibliotecarios básicos; mecanismos para a difusión da información; espazos dixitais (páxina web, blog ou presenza nas redes sociais); persoa designada como responsable da biblioteca escolar; equipo de apoio; usos e horarios de apertura (en tempo lectivo e non lectivo). b. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave do alumnado. c. En relación coa formación de persoas usuarias e adquisición da competencia informacional (ou de uso e tratamento da información, incluída na actual competencia dixital). d. En relación co fomento da lectura e co desenvolvemento do Plan de Lectura. e. Outras actuacións relacionadas con proxectos e programas nos que está inmerso o centro. f. Criterios e procedementos de avaliación (dos servizos da biblioteca e da situación da lectura no centro, entre outros). Indicadores e instrumentos a utilizar.